

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 11500** *Real decreto lei 14/2017, do 6 de outubro, polo que se aproba a reactivación extraordinaria e por tempo limitado do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.*

I

O Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, introduciu un programa temporal de seis meses de duración destinado ás persoas que esgotaran a súa protección por desemprego, baseado en accións de mellora da empregabilidade e na percepción dunha axuda económica de acompañamento.

Atendendo á situación do mercado de traballo e ás necesidades das persoas destinatarias, o programa foi prorrogado en sucesivas ocasións, a última delas mediante a disposición derradeira segunda do Real decreto lei 1/2016, do 15 de abril, polo que se prorroga o Programa de activación para o emprego, que modifica a disposición adicional segunda do Real decreto lei 1/2013, do 25 de xaneiro, polo que se prorroga o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego e se adoptan outras medidas urxentes para o emprego e a protección social das persoas desempregadas, establecendo a súa prórroga automática por períodos de seis meses, sempre que a taxa de desemprego fose superior ao 18 por cento segundo a última Enquisa de poboación activa (EPA) publicada con anterioridade á data da prórroga e se reunisen os requisitos establecidos no Real decreto lei 23/2012, do 24 de agosto.

Grazas a este programa, durante o pasado ano máis de 54.000 persoas recibiron atención individualizada e viron mellorada a súa empregabilidade mediante a realización dun itinerario personalizado de emprego, acompañando a realización de accións de políticas activas de emprego coa percepción dunha axuda económica.

Segundo a Enquisa de poboación activa correspondente ao segundo trimestre de 2017, publicada o 27 de xullo de 2017, a taxa de desemprego foi do 17,22 por cento, é dicir, inferior á fixada no citado Real decreto lei 1/2013, do 25 de xaneiro, polo que o mencionado programa non foi prorrogado de forma automática como sucedeu nas anteriores ocasións e, polo tanto, a súa vixencia finalizou o 15 de agosto de 2017.

Malia o descenso da taxa de desemprego, produto do sostido crecemento da economía española e do emprego, e que se constata nos datos de paro rexistrado correspondentes ao pasado mes de agosto, máis de 3.300.000 persoas seguían estando inscritas como desempregadas nos servizos públicos de emprego, das cales unha alta porcentaxe pertence ao colectivo de parados de longa duración que esgotaron a súa protección por desemprego.

O Goberno ten intención de revisar, no marco do diálogo social e coas comunidades autónomas, os distintos programas que actualmente complementan a protección por desemprego regulada no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, co fin de levar a cabo unha reordenación deles co fin de adaptalos plenamente ao marco constitucional vixente, mellorar as condicións de protección das persoas desempregadas, a súa eficacia para que os beneficiarios recuperen o emprego, e evitar distorsións na compatibilidade entre os programas autonómicos e estatais nos termos en que se acorde no marco do dito proceso de diálogo.

Por outro lado, a Sentenza 100/2017, do 20 de xullo de 2017, do Tribunal Constitucional, en relación co recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno Vasco contra o Real decreto lei 1/2013, do 25 de xaneiro, estableceu que a xestión da axuda económica de acompañamento por parte do Servizo Público de Emprego Estatal a desempregados

que esgotaron o paro contravén a orde constitucional de distribución de competencias en materia de emprego.

Sentado o anterior, a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas consideran necesario recuperar de forma extraordinaria e limitada no tempo o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego e acordaron para o efecto atribuír excepcionalmente ao Servizo Público de Emprego Estatal as funcións de concesión e pagamento da axuda económica de acompañamento.

A recuperación do plan xustifícase pola indubidable necesidade de manter a protección dun colectivo de persoas desempregadas tan sensible coma o dos destinatarios do programa mentres non se realice a revisión e reordenación dos actuais programas destinados a mellorar as posibilidades de inserción dos desempregados e, pola súa vez, a complementar a protección por desemprego.

Pola súa parte, a atribución temporal ao Servizo Público de Emprego Estatal das funcións de recoñecemento, concesión e pagamento, acordada por unanimidade en Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais celebrada o 18 de setembro de 2017, obedece á necesidade imperiosa de asegurar a continuidade do programa, evitando calquera dilación que poida prexudicar un colectivo que, non se esqueza, esgotou a súa protección por desemprego. Non é posible pola súa complexidade facer efectiva sen solución de continuidade a xestión das axudas económicas por parte das comunidades autónomas, que son as administracións competentes para a xestión destas axudas. Unhas circunstancias e un acordo que, conforme o disposto no artigo 18.h).2.º do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, lle permiten ao Servizo Público de Emprego Estatal seguir xestionando as funcións de recoñecemento, concesión e pagamento da axuda económica de acompañamento.

Por estas razóns resulta necesario aprobar, de forma extraordinaria e ata o 30 de abril de 2018, a reactivación do programa, mantendo a protección deste colectivo e permitindo así realizar o estudo en profundidade e con todas as garantías dos citados programas que actualmente complementan a protección por desemprego, en especial tendo en conta que o Programa de activación para o emprego, actualmente prorrogado polo Real decreto lei 7/2017, do 28 de abril, ten prevista a incorporación de novos beneficiarios ata o 30 de abril de 2018.

II

O presente real decreto lei consta de tres artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

O artigo 1 establece a reactivación extraordinaria do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego desde o 16 de agosto de 2017 ata o 30 de abril de 2018.

O artigo 2 prevé un prazo de dous meses, desde a publicación do real decreto lei, para o acceso á axuda para a recualificación profesional das persoas que esgotasen a protección por desemprego desde o 16 de agosto ata a dita publicación.

Por último, o artigo 3 refírese ao financiamento da axuda para a recualificación profesional das persoas que esgoten a protección por desemprego.

Na disposición adicional primeira queda consignada a redución de cotizacións nas persoas que prestan servizos no fogar familiar incluídas no Sistema especial para empregados de fogar do réxime xeral da Seguridade Social.

A non inclusión desta medida na Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2017, supuxo a perda de beneficios na cotización desde o mes de xullo de 2017.

Co obxecto de asegurar o cumprimento do obxectivo de aflorar o emprego irregular neste sector, así como a necesidade de reducir a carga que para as familias supón contratar un empregado de fogar, considérase necesario incorporar esta redución na cotización, dando continuidade a esta medida, que estivo vixente desde 2012 ata xuño de 2017.

Establécese o 31 de decembro de 2018 como data límite para o desfrute do dito beneficio, xa que no ano 2019 se producirá a plena equiparación deste colectivo cos restantes traballadores do réxime xeral da Seguridade Social, conforme o disposto na disposición transitoria décimo sexta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro. Por iso, considérase beneficioso e necesario manter vixente esta medida facilitando que se produza a plena equiparación sen ocasionarlles prexuízos aos traballadores incorporados a este sistema especial nin ás familias empregadoras deles.

A disposición adicional segunda recolle a revisión, no marco do diálogo social e coas comunidades autónomas, dos distintos programas que actualmente complementan a protección por desemprego.

A disposición transitoria única establece a aplicación aos contratos por obra ou servizo determinados en vigor das modificacións que se realizan, mediante a disposición derradeira segunda do real decreto lei, na disposición adicional vixésimo terceira da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

Coa disposición derogatoria queda derogada expresamente a disposición adicional segunda do Real decreto lei 1/2013, do 25 de xaneiro, que regula os termos en que se produce a prórroga automática semestral do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a protección por desemprego.

Na disposición derradeira primeira trátase o título competencial. Neste sentido, as medidas adoptadas dítanse no ámbito das competencias que corresponden ao Estado en materia de lexislación laboral (artigo 149.1.7.^a da Constitución española); sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica (artigo 149.1.13.^a da Constitución española); sobre fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica (artigo 149.1.15.^a da Constitución española) e sobre lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social (artigo 149.1.17.^a da Constitución española).

A disposición derradeira segunda incorpora unha modificación da disposición adicional vixésimo terceira da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, coa finalidade de delimitar claramente o ámbito do sector público a que se aplican as regras específicas desta disposición da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e os supostos en que se admiten no sector público os contratos de obra ou servizo determinado cunha duración superior a tres anos. Coa redacción vixente poden xurdir dúbidas sobre a aplicación desta excepción en determinadas entidades do sector público.

Por tanto, a proposta non supón ampliar o ámbito subxectivo de aplicación da excepción recollida na disposición adicional vixésimo terceira, senón que é unha aclaración desta, precisamente para que a súa aplicación sexa a correcta e non caiba erro en prexuízo do traballador ou do organismo ou entidade contratante.

A disposición derradeira terceira faculta o Goberno para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta norma e a Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal para ditar as resolucións que sexan precisas para o seu desenvolvemento.

Por último, a disposición derradeira cuarta establece a entrada en vigor do real decreto lei.

III

Na prórroga do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego concorre a extraordinaria e urxente necesidade que a Constitución exige no seu artigo 86.

A necesidade de manter este programa temporalmente ten a súa razón de ser en que, malia os avances rexistrados no mercado laboral español durante os últimos anos, persiste hoxe en día un elevado nivel de desemprego que afecta en especial os desempregados de longa duración que esgotaron as prestacións ou subsidios e coloca estas persoas nunha grave situación de risco de exclusión social, circunstancia que xustificou no seu momento a creación e as sucesivas prórrogas do programa.

O descenso da taxa de desemprego por debaixo do 18 por cento segundo os datos da Enquisa de poboación activa correspondente ao segundo trimestre de 2017 ocasionou que non poidan acceder ao programa aquelas persoas desempregadas que esgotaron a prestación por desemprego máis alá do 15 de agosto, ao ter rematado a súa vixencia, segundo se sinalou anteriormente. Por isto, resulta necesario aprobar un novo programa que evite que se produza unha discontinuidade respecto do anterior, coa conseguinte desprotección dos traballadores desempregados, o que xustifica a aprobación urxente deste real decreto lei.

Por outra parte, a urxencia na regulación da redución da cota no Sistema especial de empregados do fogar da Seguridade Social obedece, como se indicou, á necesidade de asegurar o cumprimento do obxectivo de aflorar o emprego irregular neste sector, de reducir a carga que para as familias supón contratar un empregado do fogar e de dar continuidade a esta medida, co fin de conseguir unha maior viabilidade das contratacións neste sector ante unha difícil situación económica.

Na modificación proposta da disposición adicional vixésimo terceira da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presuposto habilitante para a aprobación dun real decreto lei.

En primeiro lugar, cómpre ter en conta que moitas das entidades públicas actualmente non incluídas no ámbito de aplicación da norma estiveron obrigadas a efectuar contratacións temporais, dadas as limitacións á contratación laboral contidas nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado desde 2012. Neste momento, moitos deses contratos temporais están próximos á súa finalización e nalgúns casos poden dar lugar a que o traballador inste unha declaración por parte do empresario en que recoñeza de modo automático a fixeza da relación laboral por encadeamento de contratos previsto no artigo 15.5 do Estatuto dos traballadores. De ser ese o caso, este persoal adquiriría a condición de fixo sen necesidade de que a súa praza sexa obxecto do correspondente procedemento de concorrencia competitiva, tal como exige o acceso ao emprego público.

En segundo lugar, se os contratos afectados se extinguen, será necesario proceder a novas contratacións para manter o nivel de excelencia das entidades de investigación e, dadas as peculiaridades e a altísima especialización destas, resulta moi importante poder facer uso deste mecanismo de flexibilidade que permite contratacións de máis longa duración, propia de proxectos de investigación complexos.

En terceiro lugar, débese considerar que todas aquelas medidas que conteñen facilidades para a contratación, como é a posibilidade de contratos de obra vinculados a proxectos de I+D+I de duración superior a tres ou catro anos, dada a aínda precaria situación do noso mercado laboral, deben ter efectividade inmediata.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social e logo deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de outubro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.*

1. Apróbase, con efectos desde o 16 de agosto de 2017 e ata o 30 de abril de 2018, a reactivación extraordinaria do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego como programa específico de carácter nacional que inclúe medidas de política activa de emprego e axudas económicas de acompañamento.

2. Poderán beneficiarse deste programa as persoas desempregadas por extinción da súa relación laboral e inscritas como demandantes de emprego nas oficinas de emprego que, dentro do período comprendido entre o día 16 de agosto de 2017 e o 30

de abril de 2018, ambos incluídos, esgotasen ou esgoten a prestación por desemprego de nivel contributivo e non teñan dereito a calquera dos subsidios por desemprego establecidos no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, ou ben esgotasen algún destes subsidios, incluídas as súas prórrogas, e as ditas persoas deberán cumprir no momento da solicitude, ademais, algunha das seguintes condicións:

a) Levar inscritas como demandantes de emprego polo menos doce dos últimos dezaioito meses.

b) Ter responsabilidades familiares, tal como este concepto vén definido no artigo 275.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

3. A persoa solicitante debe carecer de rendas, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Para estes efectos, aínda que o solicitante careza de rendas, nos termos anteriormente establecidos, se convive con pais e/ou cónxuxe, e/ou fillos menores de 26 anos, ou maiores cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento, ou menores acollidos, unicamente se entenderá cumprido o requisito de carencia de rendas cando a suma das rendas de todos os integrantes da unidade familiar así constituída, incluído o solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Consideraranse rendas ou ingresos computables os establecidos no artigo 275.4 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social. Así mesmo, computarase como renda o importe dos salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas e as entidades locais.

4. Non se poderán acoller a este programa as persoas que percibisen a prestación extraordinaria do programa temporal de protección por desemprego e inserción nin as persoas que fosen ou poidan ser beneficiarias do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego nos termos establecidos no Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, incluídas as súas prórrogas, nin as que esgotasen ou poidan ter dereito á renda activa de inserción, nin as que esgotasen a renda agraria ou o subsidio por desemprego, ambos en favor dos traballadores eventuais do Sistema especial para traballadores por conta allea agrarios incluídos no réxime xeral da Seguridade Social.

5. As persoas beneficiarias deste programa terán dereito a:

a) Realizar un itinerario individualizado e personalizado de inserción, que recolla o diagnóstico sobre a súa empregabilidade, así como as medidas de políticas activas de emprego dirixidas a melloralas.

b) Participar en medidas de políticas activas de emprego encamiñadas á recualificación e/ou reinserción profesional necesarias para que se poidan incorporar a novos postos de traballo, especialmente as dirixidas á obtención das competencias profesionais máis necesarias para a súa colocación estable.

c) Recibir unha axuda económica de acompañamento do 75 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) mensual, ata un máximo de seis meses.

No suposto de que a dita persoa teña a carga no momento da solicitude, polo menos, tres membros da unidade familiar, a axuda será equivalente ao 85 por cento do IPREM. Para estes efectos, entenderase como familiar a carga o cónxuxe e/ou fillos menores de 26 anos, ou maiores cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento ou menores acollidos, e que carezan individualmente de rendas propias superiores ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional en cómputo mensual, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

6. Cando o solicitante, ou calquera membro da súa familia, teña dereito a percibir os salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas de asistencia social

concedidas polas comunidades autónomas e as entidades locais, a axuda económica establecida no número anterior sumada ao importe daquelas non poderá superar o 75 por cento do salario mínimo interprofesional. No caso de que se supere este límite, descontarase da axuda regulada no número anterior o importe que exceda a dita cantidade. Para estes efectos, e mentres a comunidade autónoma ou entidade local de residencia do solicitante non inscriba estas axudas no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, previsto no Real decreto 397/1996, do 1 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, deberá achegarse, xunto coa solicitude, certificado emitido pola dita comunidade autónoma ou entidade local onde se faga constar a percepción ou non das ditas axudas, e da súa contía, polo solicitante e/ou a súa unidade familiar.

7. O prazo para solicitar a inclusión no programa será de dous meses desde a finalización da prestación ou subsidio por desemprego. Neste prazo, a persoa solicitante deberá realizar, durante un período mínimo de trinta días, accións de busca activa de emprego, as cales se deberán acreditar no momento da dita solicitude, na forma que determine o Servizo Público de Emprego Estatal.

O traballo por conta propia ou allea da persoa solicitante neste prazo terá, para estes efectos, a consideración de realización de accións de busca activa de emprego.

A axuda prevista na alínea c) do número 5 só se poderá recoñecer unha vez iniciado o itinerario individualizado e personalizado de inserción establecido na alínea a) do citado número, e a súa percepción estará condicionada á participación nel.

8. As persoas beneficiarias estarán obrigadas, ao longo de toda a duración do programa, a participar nas accións de políticas activas de emprego e de busca de emprego que lles propoñan os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas e o Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito das súas respectivas competencias; estes servizos públicos poderán exixir a súa acreditación en calquera momento e a súa realización será requisito imprescindible para o mantemento do aproveitamento da axuda económica. Así mesmo, estarán obrigadas a aceptar a oferta de emprego adecuada, segundo o establecido no artigo 301 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, xa sexa ofrecida polos servizos públicos de emprego xa polas axencias de colocación cando desenvolvan actividades no ámbito da colaboración daqueles, salvo causa xustificada. Igualmente, deberán comunicar, se for o caso, que se deixaron de reunir os requisitos necesarios para acceder ao programa, así como calquera modificación que poida afectar a contía desta.

O Servizo Público de Emprego Estatal determinará tanto o prazo máximo para o inicio das accións ou servizos asociados ao itinerario personalizado de inserción como o prazo máximo de comunicación do inicio das accións que integran o itinerario.

9. O incumprimento de calquera das obrigas e requisitos establecidos neste programa dará lugar á perda da condición de persoa beneficiaria destas axudas, con exclusión definitiva del, desde a data do incumprimento. Con carácter previo a ditar a oportuna resolución, daráselle un prazo de dez días ao interesado para que formule as alegacións que considere oportunas.

Así mesmo, poderase iniciar o procedemento de reintegro regulado no artigo 36 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, sempre que se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 37 da dita norma.

10. Corresponde aos servizos públicos de emprego a competencia de programación e xestión das medidas de políticas activas de emprego deste programa, así como a concesión e o pagamento da axuda incluída nel.

Non obstante, en aplicación do disposto no artigo 18.h).2.º do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, atendendo ao acordo adoptado para estes efectos pola Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais celebrada o 18 de setembro de 2017, o Servizo Público de Emprego Estatal será o encargado da concesión e pagamento das axudas económicas de acompañamento. Estas axudas tramitaranse en réxime de concesión directa, segundo o establecido no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

11. O Servizo Público de Emprego Estatal aboarálles as axudas económicas de acompañamento para a recualificación profesional de maneira directa ás persoas beneficiarias, polo procedemento de nóminas mensuais, rateándose os períodos inferiores ao mes atendendo á data de inclusión efectiva neste programa e aos períodos traballados durante o mes. Descontaranse proporcionalmente as cantidades que correspondan pola falta de participación efectiva nas accións e medidas incluídas no itinerario individualizado de inserción, sempre que non concorran supostos de incumprimento, de acordo co previsto no número 9.

12. A forma e os prazos de presentación de solicitudes e de tramitación das axudas económicas de acompañamento faranse de acordo coa Resolución do 1 de agosto de 2013, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se determinan a forma e os prazos de presentación de solicitudes e de tramitación das axudas económicas de acompañamento incluídas no programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego prorrogado polo Real decreto lei 1/2013, do 25 de xaneiro.

Artigo 2. Acceso á axuda para a recualificación profesional das persoas que esgotasen a protección por desemprego desde o 16 de agosto ata a publicación deste real decreto lei.

O prazo para solicitar a inclusión no programa das persoas que esgotasen a protección por desemprego desde o 16 de agosto de 2017 ata a data de publicación deste real decreto lei será de dous meses desde esta última data. Neste prazo, a persoa solicitante deberá realizar, durante un período mínimo de trinta días, accións de busca activa de emprego, as cales se deberán acreditar no momento da dita solicitude, na forma que determine o Servizo Público de Emprego Estatal.

Artigo 3. Financiamento da axuda para a recualificación profesional das persoas que esgoten a protección por desemprego.

O financiamento da axuda para a recualificación profesional das persoas que esgoten a protección por desemprego realizarase con cargo ao orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal, para o cal se habilitarán para o efecto os créditos que sexan necesarios.

A execución das medidas de políticas activas para as persoas beneficiarias deste programa poderase financiar con cargo aos fondos procedentes dos orzamentos do Servizo Público de Emprego Estatal, asignados a cada comunidade autónoma en aplicación do disposto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

En ningún caso esta medida poderá afectar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Disposición adicional primeira. Redución de cotizacións nas persoas que prestan servizos no fogar familiar.

1. Desde o 1 de setembro de 2017 e ata o 31 de decembro de 2018, aplicarase unha redución do 20 por 100 ás cotizacións devindicadas pola contratación das persoas que presten servizos no fogar familiar e queden incorporadas no Sistema especial para empregados do fogar do réxime xeral da Seguridade Social, así como das que xa o estean desde un momento posterior ao 1 de xaneiro de 2012.

Esta redución de cotas poderase complementar ata alcanzar o 45 por cento coa bonificación para familias numerosas, que se recoñecerá nos termos establecidos na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

2. Estes beneficios na cotización serán aplicables unicamente nos supostos descritos na disposición adicional vixésimo cuarta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Disposición adicional segunda. *Revisión dos programas que complementan a protección por desemprego.*

Revisaranse, no marco do diálogo social e coas comunidades autónomas, os distintos programas que actualmente complementan a protección por desemprego regulada no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, co fin de adecualos plenamente ao marco competencial vixente, de acordo coa xurisprudencia recente do Tribunal Constitucional, mellorando as condicións de protección das persoas desempregadas e posibilitando a complementariedade entre os programas autonómicos e estatais nos termos en que se acorde no marco do dito proceso de diálogo.

Disposición transitoria única. *Aplicación das modificacións da disposición adicional vixésimo terceira da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, aos contratos por obra ou servizo determinados en vigor.*

Os contratos por obra ou servizo determinados vinculados a un proxecto específico de investigación científica e técnica subscritos polas administracións públicas, organismos públicos, universidades públicas e outras entidades do sector público consideradas axentes de execución do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, que estean vixentes no momento da entrada en vigor da modificación mediante este real decreto lei da disposición adicional vixésimo terceira da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, quedarán acollidos ao previsto nela.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Queda derogada expresamente a disposición adicional segunda do Real decreto lei 1/2013, do 25 de xaneiro, polo que se prorroga o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego e se adoptan outras medidas urxentes para o emprego e a protección social das persoas desempregadas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.^a, 13.^a, 15.^a e 17.^a da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas; bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, e lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.*

Modifícase a disposición adicional vixésimo terceira da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, que queda redactada como segue:

«De acordo co sinalado no número 2 da disposición adicional décimo quinta do Estatuto dos traballadores, non se lles aplicará o disposto no seu artigo 15.1.a) en materia de duración máxima do contrato por obra ou servizo aos contratos para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica a que se refiren os artigos 20.2, 26.7 e 30 e o número 2 da disposición adicional décimo cuarta desta lei.

Tampouco lles resultará de aplicación o disposto nos parágrafos primeiro e segundo do artigo 15.5 do Estatuto dos traballadores, de acordo co previsto no número 3 da disposición adicional décimo quinta do Estatuto dos traballadores.

A excepción expresada nesta disposición aplicarase unicamente ás administracións públicas, aos organismos públicos, ás universidades públicas e a

outras entidades do sector público consideradas axentes de execución do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación de acordo co artigo 3.4 desta lei, que formalicen contratos temporais para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica.»

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento e de aplicación.*

Facúltanse o Goberno para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei e a persoa titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas resolucións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de outubro de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY